

Concello de Viveiro

EXPTE.-7149/2020

PUBLICACIÓN EXTRACTO DE RESOLUCIÓN

En data 12 de xullo de 2022 dictouse resolución acordando proceder a contratación como persoal laboral temporal mediante contrato temporal a tempo parcial e de relevo do primeiro aspirante da bolsa de emprego no Concello de Viveiro para a cobertura temporal dunha praza de oficial primeiro mecánico-soldador, da que se publica o seguinte extracto:

“María Loureiro García, alcaldesa-presidenta do Excmo. concello de Viveiro, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

(...)

Visto o Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 095, de 27 de abril de 2022, no que se publica a convocatoria pola que se inicia o proceso e se establecen as normas para seleccionar persoal ao obxecto de integrar a bolsa de emprego para a cobertura temporal da praza de oficial primeiro mecánico soldador do Concello de Viveiro.

Vistas as bases e anexo polas que se establecen un procedemento para a inmediata posta a disposición de persoal no Concello de Viveiro e fixar as normas que rexerán o proceso selectivo para constituir a bolsa de emprego de persoal para cubrir, con carácter provisorio, as necesidades urxentes e imprescindibles que se produzan, sempre e cando non sexa posible a súa cobertura con persoal propio municipal.

Resultando que o referido proceso selectivo se atopa concluído.

(...)

RESOLVO

PRIMEIRO.- *Proceder á contratación como persoal laboral temporal a D. ANGEL CERVO REGO mediante o correspondente contrato de persoal laboral temporal a tempo parcial e de relevo (50% da xornada), con data de inicio 12 de xullo de 2022 e data de finalización de contrato a data na que o traballador substituído D. Antonio Blanco Devesa cause baixa laboral por idade legal de xubilación, prevendose dita data o 15 de abril de 2024; non obstante a data de finalización do contrato será a data na que efectivamente se produza dita xubilación definitiva.*

“Así mesmo, será causa de extinción do contrato de substitución, no seu caso, a denegación de pensión de xubilación parcial ao traballador substituído e a consecuente retroacción deste á situación laboral que tiña con anterioridade ao comezo do proceso de xubilación parcial”.

(...)

En Viveiro, á data que consta á marxe

A Alcaldesa,

María Loureiro García

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

